

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

*ORDE do 2 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos concellos galegos para a creación de espazos activos de emprendemento comercial no medio rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN2011).*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma.

O Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, indica que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, coordinación e control das competencias da consellería en materia de comercio interior.

Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, fomento, modernización e desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, así como a reforma, coordinación e mellora das estruturas comerciais.

O Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia 2015-2020 ten entre os seus obxectivos o apoio á creación de empresas comerciais, impulsando as novas ideas, a competitividade e o emprendemento.

Por outra banda, o Plan sinala que Galicia presenta unha riqueza rural que merece ser preservada tamén desde o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente, para o que é necesario potenciar a creación de empresas situadas no ámbito rural polas sinerxías xeradas, a procura do equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación rural e a mellora da comercialización dos produtos autóctonos.

Preténdese así elevar a oferta de servizos e a calidade de vida do ámbito rural, cumprindo varios obxectivos, como son: adecuar a oferta comercial ás necesidades da poboación rural, garantir a adecuación da estrutura comercial á estrutura comarcal territorial, crear postos de traballo de calidade no rural e dinamizar a nosa economía prestando especial importancia á comercialización dos produtos locais e autóctonos.



Polo tanto, resulta oportuno dar continuidade á liña de colaboración, posta en marcha no ano 2016, entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e os concellos galegos, para posibilitar medidas e actuacións que permitan a posta en marcha de espazos activos de emprendemento comercial en que se desenvolvan iniciativas comerciais que permitan garantir o abastecemento do medio rural e a mellora da súa calidade de vida, ofrecendo aos cidadáns e cidadás e ás persoas visitantes en xeral unha escolma dos produtos do noso territorio e do mellor saber facer galego.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuída a Consellería de Economía, Emprego e Industria en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras**

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria, dirixidas aos concellos galegos, para potenciar o emprendemento comercial no medio rural a través de espazos activos de emprendemento comercial.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións, en réxime de concorrència competitiva, conforme as bases reguladoras aprobadas nesta orde para o ano 2017.

3. A concesión da subvención queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión ao abeiro do establecido no artigo 25.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Para a concesión destas subvencións destínase un crédito de 600.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751-A.761.3, proxecto de investimento 2015.00275, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017.

Estas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.



b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

## Artigo 2. *Solicitudes*

Para poder ser beneficiario/a da subvención deberá presentarse unha solicitude dirixida á Consellería de Economía, Emprego e Industria axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4 das bases reguladoras.

## Artigo 3. *Lugar e prazo de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumírase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.



Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que hai que presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou ten un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. O prazo de presentación de solicitudes será de un mes contado a partir do día seguinte da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Para estes efectos, entenderase que o prazo vence o día cuxo ordinal coincida co que serviu de partida, que é o de publicación no DOG e, se é festivo, o primeiro día hábil seguinte.

#### Artigo 4. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como infor-



mar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 4ª planta, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [lopd.industria@xunta.gal](mailto:lopd.industria@xunta.gal).

*Artigo 5. Prazo de duración do procedemento de concesión*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a cinco meses, contados a partir do día seguinte ao do remate de presentación de solicitudes.

*Artigo 6. Información aos interesados*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN201I, poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería <http://ceei.xunta.gal> na súa epígrafe de axudas.

b) Os teléfonos das xefaturas territoriais, A Coruña: 981 18 49 62/14, Lugo: 982 294 938/670, Ourense: 988 386 712/717 e Vigo: 986 817 550/557.

c) Os enderezos electrónicos das xefaturas territoriais:

A Coruña: [axudas-IN223.cei.co@xunta.gal](mailto:axudas-IN223.cei.co@xunta.gal)

Lugo: [axudas-IN223.cei.lu@xunta.gal](mailto:axudas-IN223.cei.lu@xunta.gal)

Ourense: [axudas-IN223.cei.ou@xunta.gal](mailto:axudas-IN223.cei.ou@xunta.gal)

Vigo: [invigo@xunta.gal](mailto:invigo@xunta.gal)

d) O enderezo electrónico [cei.dxc.axudas@xunta.gal](mailto:cei.dxc.axudas@xunta.gal)

e) Presencialmente.



Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### Artigo 7. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



**Artigo 8. *Transparencia e bo goberno***

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano ou entidade responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

**Disposición adicional única. *Informe da Mesa Local do Comercio***

Naqueles supostos en que se acredite fidedignamente a imposibilidade, non imputable ao solicitante da subvención, de obter o informe de presentación do proxecto a Mesa Local de Comercio, será suficiente, para os efectos establecidos no artigo 18.2 letra c) coa presentación da solicitude.

**Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento***

Facúltase a directora xeral de Comercio e Consumo para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor***

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017

Francisco José Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria



**ANEXO I****Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos concellos galegos para o fomento do emprendemento no medio rural****Artigo 1. Obxecto e réxime das subvencións**

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto fomentar a creación de espazos activos de emprendemento comercial no medio rural, a través dos concellos galegos.

2. O procedemento de concesión destas subvencións, co código de procedemento IN2011, tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, e serán compatibles con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que for a súa natureza e a entidade que a conceda, sempre que, conxuntamente, non supere o custo total da actuación ou proxecto.

3. Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actuación subvencionada.

Considéranse actuacións subvencionables as que a seguir se especifican, sempre que estas sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de xaneiro de 2017 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 16, e que teñan por obxecto a creación de espazos de emprendemento comercial situados en concellos de ata 20.000 habitantes.

Concretamente, será subvencionable a posta en marcha e/ou a adecuación de instalacións de uso comercial co obxectivo de habilitar espazos de emprendemento comercial, que contarán coa oportuna sinalización e de poñer á disposición postos de venda adecuados espacialmente nos cales se desenvolverán actividades comerciais que veñan complementar o mix comercial existente na zona.

Os espazos activos de emprendemento comercial darán prioridade a aquelas iniciativas comerciais que estean vencelladas coa comercialización dos produtos locais, de forma que o mercado poida configurarse como un escaparate e referente dos produtos vinculados ao correspondente territorio.

A porcentaxe subvencionable acadará o 70 % do investimento, cun máximo de 70.000,00 euros de subvención.





Estes investimentos requiren a inclusión, por parte do concello solicitante, dun proxecto para a realización de actuacións de difusión-asesoramento-formación dirixidas as persoas interesadas sobre o novo espazo de emprendemento comercial, así como, de ser o caso, información para o aumento da rendibilidade do posto de venda con técnicas de *visual merchandising*, colocación do produto e atención ao cliente. Esta actuación terá unha subvención máxima de 600,00 euros, incluída necesariamente no investimento subvencionable.

#### 4. Gastos subvencionables.

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, Lei 9/2007), consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actuación subvencionada.

No suposto de rehabilitación e mellora de bens inventariables cumprírase o estipulado no artigo 29, puntos 4 e 5, da citada Lei 9/2007 e, de ser o caso, as seguintes regras especiais:

– No caso de bens inscrites nun rexistro público, o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un período de cinco anos.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data límite de xustificación establecida nestas bases reguladoras. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, pagados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

5. Quedan expresamente excluídas do ámbito de aplicación desta orde as actuacións seguintes:

a) Custos relativos á adquisición de bens inmoables e/ou o seu mantemento, así como alugamento de locais.

b) Custos relativos á redacción de proxectos técnicos que non leven aparellada a súa execución.

c) Custos de toda clase de persoal, agasallos promocionais, premios, trofeos, gastos de representación e a realización de recepcións e actos análogos.



d) Campañas de promoción ou calquera outra actuación que teñan por finalidade o patrocinio, colaboración ou axuda económica que comporten actividades lúdicas, turísticas, de exaltación gastronómica ou similares, así como as actuacións promovidas polos centros comerciais abertos ou polas asociacións de pradeiras/os das prazas de abastos.

6. Subvencionarase un proxecto por concello e a solicitude presentada terá como obxecto a realización dunha única actuación definida no punto 3 deste artigo. De presentarse máis dunha solicitude, terase en conta a primeira presentada segundo o número e data do rexistro de entrada na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### Artigo 2. *Financiamento*

1. As subvencións que se establezan para as actuacións previstas nesta orde financiaranse con crédito correspondente á aplicación orzamentaria 09.30.751A.761.3, «Transferencias de capital. As corporacións locais. Espazos comerciais municipais. Mercados excelentes e emprendemento», por un importe total de 600.000 euros.

2. O importe das subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do investimento subvencionable.

### Artigo 3. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia de ata 20.000 habitantes.

Non poderán acadar a condición de beneficiarios aqueles solicitantes nos cales conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Artigo 4. *Solicitudes*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indiquen na convocatoria.



2. Xunto coa solicitude, segundo o modelo normalizado que se inclúe como anexo II deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Certificación do acordo de aprobación polo pleno do concello, ou do órgano municipal que teña atribución competencial, do proxecto de investimento, da solicitude de subvención coa súa contía exacta e do plan de financiamento do proxecto.

b) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos inmobles ou das vías en que estea previsto realizar o investimento, segundo os casos.

c) Xustificar que se atopa ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia, de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

d) Memoria explicativa que considere os seguintes aspectos:

– Interese, oportunidade e necesidade do investimento.

– Programa de execución con especificación das datas de inicio e remate previstas, acompañado do orzamento desagregado de gastos.

– Estado actual do equipamento de que se trate acompañado de reportaxe fotográfica e, se é o caso, detalle das súas instalacións, antigüidade, capacidade comercial e adecuación entre necesidades e funcións que cumpre.

– Visualización do proxecto que se vai realizar a través de imaxes ou elementos 3D co resultado estético que se procura.

– En investimentos en mercados e prazas de abastos, indicar a existencia de ordenanza reguladora, horario do servizo, número total de postos de venda, diferenciando a súa localización, sexa interior ou exterior e por tipo de produto, así como o número dos ocupados, segundo modelo normalizado do anexo II. Noutro caso, cadro detallado, por tipoloxía, dos establecementos comerciais existentes na zona concreta da actuación.

e) Memoria valorada, asinada por técnico competente, con detalle no nivel de capítulo, das actuacións que se pretenden executar cando se trate da realización de obras.

3. Para os efectos do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, permitirase a subcontratación do cen por cento das actividades subvencionadas.



4. Na xestión da contratación, as entidades locais, pola súa natureza xurídica, están sometidas ao ámbito subxectivo delimitado polo texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se deberán respectar, en todo caso, as prescricións desa lei para os procedementos de contratación subvencionados por esta orde de axudas.

Será responsabilidade da entidade local beneficiaria o cumprimento da citada normativa de contratación pública, e o seu incumprimento pode dar lugar á perda do dereito ao cobramento total ou parcial e demais responsabilidades previstas na normativa de subvencións públicas.

En canto á obriga que establece o artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención, enténdese cumprida nesta convocatoria, coas obrigas que establece a normativa de contratación pública, por teren os beneficiarios, nese suposto, a obriga de tramitar un expediente de contratación.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, a través dos respectivos departamentos territoriais, poderá solicitar ao concello cantos informes xulgue oportunos para a valoración dos proxectos.

#### Artigo 5. *Órganos competentes*

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo, xunto coas xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, serán os órganos competentes para a instrución do procedemento de concesión das subvencións.

A proposta de resolución realizaraa a Dirección Xeral de Comercio e Consumo e corresponde ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria ditar a resolución que proceda, sen prexuízo da delegación noutros órganos.



**Artigo 6. Instrución dos procedementos**

1. De conformidade co establecido no artigo 68 da nova lei de procedemento administrativo (Lei 39/2015), se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

**Artigo 7. Comisión de valoración**

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A comisión será presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo e formarán parte, como vogais, os/as xefes/as dos departamentos territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Actuará como secretario/a a persoa titular da Subdirección Xeral de Comercio e Consumo, ou un funcionario/a da citada dirección xeral con nivel mínimo de xefe/a de servizo.

Se, por causa xustificada, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes algunha das persoas que a compoñen non puider asistir, será substituída pola persoa que, para o efecto, designe o órgano competente para resolver.



A comisión de valoración constituirase na sede do devandito centro directivo. O seu funcionamento rexerase polo disposto na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicarse o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ou ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

#### Artigo 8. *Criterios de valoración*

1. Os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión das subvencións, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

a) Poboación do concello en que se vai implantar o espazo de emprendemento comercial:

- Menos de 5.000 habitantes: 6 puntos.
- Entre 5.000 e 10.000 habitantes: 4 puntos.
- Entre 10.000 e 20.000 habitantes: 2 puntos.

b) Proxecto que incorpore espazos ou postos de venda para a comercialización de produtos locais da zona:

- Máis do 50 % dos postos previstos no espazo de emprendemento comercial, 5 puntos.
- De non acadarse a porcentaxe anterior, 3 puntos.



c) Polo número de postos de venda comerciais previstos:

- Máis de 8 puntos de venda comercial: 3 puntos.
- Entre 5 e 8 puntos de venda comercial: 2 puntos.
- Entre 1 e 4 puntos de venda comercial: 1 punto.

d) Adopción de medidas de responsabilidade social empresarial (RSE): 1 punto.

e) Proxectos que incorporen actuacións referidas ás enerxías alternativas: 1 punto.

f) Proxectos que incorporen actuacións que posibiliten a reciclaxe e a eliminación de residuos: 1 punto.

g) Proxectos que incorporen actuacións que posibiliten a eliminación de barreiras arquitectónicas: 1 punto.

h) Proxectos que inclúan a previsión de incorporación de novas tecnoloxías para a actividade comercial: 1 punto.

i) Proxectos que inclúan a presenza na internet do espazo de emprendemento comercial a través de páxina web: 1 punto.

j) Proxectos presentados por concellos fusionados: 1 punto.

k) Proxectos presentados por concellos que estean incluídos nos plans Impulsa Lugo e Ourense, Plan especial de Ferrol e comarca e Plan Costa da Morte: 1 punto.

2. Unha vez esgotado o crédito dispoñible, no caso de que máis dunha solicitude obteña a mesma puntuación, o desempate realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

- 1º. Menor contía da subvención solicitada.
- 2º. Concellos de menos de 10.000 habitantes.

#### Artigo 9. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que xulguen pertinentes.



2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 10. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración emite informe para que o órgano instructor a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo formule a proposta de resolución e a eleve ao conselleiro.

2. O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

A dita resolución será publicada na web <http://ceei.xunta.gal> e notificada ás/aos adxudicatarias/os, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.a) da mesma lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás persoas interesadas será de cinco meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaia resolución expresa, as/os interesadas/os poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

As resolucións de inadmisión ou desestimación de solicitudes notificaranse individualmente, con indicación das súas causas. Non obstante, poderase substituír a dita notifica-





ción individual pola publicación no DOG, coa indicación de que as persoas non beneficiarias consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

#### Artigo 11. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se a resolución non for expresa, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que a resolución debería ter sido dictada.

b) Recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

#### Artigo 12. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais o internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da subvención poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de concorreren na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.



3. O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida ao órgano concedente, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, cun límite dun mes antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento, de conformidade co artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e sen prexuízo do disposto no artigo 59 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O acto polo cal se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo órgano concedente despois da instrución do correspondente expediente, en que se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 11 destas bases.

#### Artigo 13. *Aceptación e renuncia*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, de conformidade co disposto polo artigo 21.5 da Lei 9/2007, transcorridos dez días hábiles desde a notificación ou publicación da resolución definitiva sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

2. A renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A persoa titular da consellería ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

#### Artigo 14. *Obrigas dos beneficiarios*

Son obrigas do beneficiario as previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, e particularmente:

- a) Realizar o investimento ou a actuación que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Acreditar ante a entidade concedente a realización do investimento ou a actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou condicións que determinan a concesión ou o desfrute da subvención.



c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, ou a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. Así mesmo, comunicar a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Declarar con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.

h) Garantir o cumprimento da normativa de axudas de Estado no que atinxe ao destino que se lle dea ás infraestruturas obxecto das subvencións.

i) Cumprir as obrigas de información contidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

#### Artigo 15. *Obrigas específicas de publicidade*

1. Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007.

Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007.



En concreto, as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar o cofinanciamento das actuacións con fondos da Xunta de Galicia. Para estes efectos, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo establecerá as indicacións e instrucións necesarias para dar cumprimento a esta obriga en cada un dos supostos subvencionados.

Así mesmo, deberá adoptar as medidas e disposicións necesarias para garantir unha adecuada publicidade no lugar das actuacións subvencionadas e, unha vez rematado o investimento, a instalación dunha placa explicativa, acorde coa tipoloxía do investimento, que inclúa a imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

2. Calquera actuación de publicidade do investimento por parte do concello deberá garantir a especificación do cofinanciamento da Xunta de Galicia. Así mesmo, no inicio das actuacións de difusión-asesoramento-formación incluídas no proxecto, deberán ser comunicadas á Dirección Xeral de Comercio e Consumo para garantir a presenza dun representante da Xunta de Galicia.

#### Artigo 16. *Xustificación da subvención*

1. O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación, na respectiva xefatura territorial, da documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención, tendo de prazo ata o 31 de outubro de 2017.

#### 2. Documentación xustificativa:

##### a) En caso de obras:

– Proxecto técnico ou memoria técnica definitiva asinados, documentos que non poderán variar substancialmente da memoria presentada coa solicitude, todo isto agás que a devandita documentación se achegase con anterioridade.

b) Nos demais casos, certificación acreditativa do investimento ou da adquisición dos activos.

##### c) En todos os casos:

– Anexo III.

– Certificación do órgano que ten atribuídas as facultades de control da legalidade, acreditativa do cumprimento da normativa de contratación pública vixente na tramitación do procedemento de contratación.



d) Xustificantes dos investimentos:

Os gastos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa pagados, en orixinal ou copias auténticas electrónicas.

Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención, deberá achegar unha copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa vixente.

No obstante, no presente procedemento admitiranse os documentos en papel ou copias debidamente compulsadas debido a circunstancias funcionais e/ou tecnolóxicas derivadas da implantación progresiva por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación coa organización da emisión das copias auténticas electrónicas.

As facturas deberán estar emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto.

– Certificación da intervención respecto da achega municipal comprometida para financiar o investimento.

– A entidade local beneficiaria estará obrigada a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona nos parágrafos seguintes, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.

A conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/da alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identifi-



cación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto da letra c) do artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, non será exigible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se exigen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Certificación da secretaría da Mesa Local do Comercio en que conste a presentación do proxecto.

– Evidencia documental do cumprimento das obrigas en materia de información e publicidade: fotografías de carteis e placas, exemplares das actuacións de difusión-asesoramento-formación e, de ser o caso, a súa axeitada difusión a través da páxina web.

– Os órganos competentes poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

3. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen tela presentado, de conformidade co disposto polo artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, requirirase o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e a existencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá o



beneficiario das sancións que legalmente correspondan. Os órganos competentes poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

#### Artigo 17. *Pagamento*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, as respectivas xefaturas territoriais, antes de proceder ao seu pagamento, realizarán as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento do investimento subvencionado.

2. O importe da subvención aboarase nun único pagamento mediante transferencia bancaria á entidade financeira e número de conta designado polo beneficiario.

3. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzado que serviu de base para a resolución de concesión, e sempre que estea garantida a consecución do obxecto, ou de resultar a concorrencia con outras subvencións ou axudas sempre que a contía total supere o custo do investimento.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade, sempre que se xustifique un mínimo do 65 % do importe establecido na resolución de concesión. No caso de concorrer con outras axudas, aplicarase o disposto no artigo 2.3 destas bases.

#### Artigo 18. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Incumprimento parcial: sempre que se cumplan os requisitos ou condicións esenciais tidos en conta na concesión das axudas, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, por



proposta das respectivas xefaturas territorias, poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión e, de ser o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes a contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, de ser o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 65 % da base subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

4. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título VI do seu regulamento.

#### Artigo 19. *Control*

1. A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007. Así mesmo, estará sometido ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Para estes efectos, os concellos beneficiarios das axudas achegarán canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

#### Artigo 20. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, o beneficiario, o crédito orzamentario, a contía e a finalidade da subvención.





Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000,00 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Artigo 21. *Remisión normativa*

Para todo o non disposto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e modificado pola Lei 5/2000, do 28 de decembro; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, e no resto da normativa que resulte de aplicación.




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II

PROCEDIMENTO <b>SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS GALEGOS PARA A CREACIÓN DE ESPAZOS ACTIVOS DE EMPRENDAMENTO COMERCIAL NO MEDIO RURAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>IN2011</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

ENTIDADE LOCAL  NIF

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Notifíquese a:  Persoa solicitante  Persoa representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>.

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

**DATOS DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

LOCALIDADE E ENDEREZO ONDE SE SITÚA O INVESTIMENTO

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

ORZAMENTO TOTAL  SUBVENCIÓN SOLICITADA  PORCENTAXE %  POSTOS DE VENDA

NOME DO TÉCNICO REDACTOR DO PROXECTO  TÉCNICO MUNICIPAL  SI  NON  TELÉFONO

**ACTUACIÓN SUBVENCIONABLE**

ACTUACIÓN (art. 1.3 BR)  DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN  PERÍODO DE EXECUCIÓN  ORZAMENTO TOTAL

CVE-DOG: 9eobxxw4-hdh3-4jx7-gvx1-w8ee4jq0o61





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II  
(continuación)

**CARACTERÍSTICAS DA INSTALACIÓN PARA USO COMERCIAL**

**1. CARACTERIZACIÓN XERAL DO INMOBLE**

DENOMINACIÓN:

ANO APERTURA:  LOCALIZACIÓN:  TITULARIDADE:  PÚBLICO  PRIVADO

SUPERFICIE:  PROTECCIÓN URBANÍSTICA:  SI  NON

APARCADOIRO:  PÚBLICO  DENTRO DO INMOBLE  NON TEN  PRIVADO  FÓRA DO INMOBLE N° PRAZAS:  RÉXIME DO APARCADOIRO:

SITUACIÓN DO INMOBLE:  BO ESTADO  MAL ESTADO  MELLORABLE  OUTROS:  ACCESIBILIDADE:  MEDIOS:  TRANSPORTE EN HORARIO COMERCIAL:  SI  NON

REFORMAS LEVADAS A CABO A PARTIR DE 1990

ANO	ALCANCE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

**2. PERFIL COMERCIAL DO INMOBLE**

TIPOLOXÍA DO EDIFICIO:  ADOSADO  ILLADO ANEXOS (PARTES):

**SEGURIDADE E CONTROL**

PROTECCIÓN DE INCENDIOS:  SI  NON SEGURIDADE:  SI  NON

SISTEMA DE LIMPEZA:

**ELEMENTOS DE XESTIÓN**

CAIXEIROS AUTOMÁTICOS: DENTRO DO INMOBLE:  SI  NON FÓRA DO INMOBLE:  SI  NON

ALMACÉNS:  SI  NON OUTROS:

**NO CASO DE MERCADOS MUNICIPAIS**

POSTOS DO MERCADO: NÚMERO DE POSTOS:  OCUPADOS:  DESOCUPADOS:

SINALIZACIÓN COMERCIAL DOS POSTOS:  SI  NON  ALGÚNS

RELACIÓN N° DE POSTOS: PEIXE:  CARNE:  FROITA/VERDURA:  LÁCTEOS/OVOS/PANADARÍA:

OUTROS POSTOS NO MERCADO:

**HORARIO COMERCIAL**

DÍAS APERTURA:  OUTROS:

PANTALLAS INFORMATIVAS:  SI  NON MEGAFONÍA:  SI  NON PÁXINA WEB:  SI  NON

REGULAMENTO DO MERCADO: ORDENANZA:  SI  NON ANO DE APROBACIÓN:

CÁMARAS FRIGORÍFICAS:  SI  NON TIPO:  INDIVIDUAL  COMÚN OUTROS:

AUGA FRÍA  AUGA QUENTE  SANEAMENTO  ELECTRICIDADE  TELEFONÍA  ILUMINACIÓN  CALEFACCIÓN

SERVIZO DE ATENCIÓN AO CLIENTE:  SI  NON

IMAXE CORPORATIVA:  SI  NON IDENTIFICACIÓN DE CADA POSTO:  SI  NON

IDENTIFICACIÓN DE PREZOS:  SI  NON  ALGÚNS POSTOS QUE IDENTIFICAN OS SEUS PREZOS:

ETIQUETAXE DE PRODUTOS:  SI  NON  ALGÚNS POSTOS QUE ETIQUETAN OS SEUS PRODUTOS:

CVE-DOG: 9eobxxw4-hdh3-4jx7-gvx1-w8ee4jq0o61



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO II**  
 (continuación)

**A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Que se compromete a comunicarlle á Consellería de Economía, Emprego e Industria calquera nova solicitude, concesión ou cobramento que se produza con posterioridade á presente declaración e, en todo caso, antes do cobramento da axuda correspondente a esta solicitude.

4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Que o concello se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.

7. Que respecta a prohibición de subcontratación con terceiros nos que recaia algunha das condicións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Certificación do acordo de aprobación polo pleno do concello, ou do órgano municipal que teña a atribución competencial, do proxecto de investimento, da solicitude de subvención coa súa contía exacta e do plan de financiamento do proxecto (art. 4.2.a) das bases reguladoras)
- Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos inmobles ou das vías en que estea previsto realizar o investimento (art. 4.2.b) das bases reguladoras)
- Xustificación de que se atopa ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia, de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas (art. 4.2.d) das bases reguladoras)
- Memoria explicativa (art. 4.2.e) das bases reguladoras)
- Memoria valorada, asinada por técnico competente, con detalle no nivel de capítulo, das actuacións que se pretendan executar cando se trate da realización de obras (art. 4.2.f) das bases reguladoras)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [lop.d.industria@xunta.gal](mailto:lop.d.industria@xunta.gal)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 2 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos concellos galegos para a creación de espazos activos de emprendemento comercial no medio rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN2011).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

 Xefatura Territorial da Consellería de Economía Emprego e Industria de 

**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

ENTIDADE LOCAL

NIF

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

CARGO

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.  
 Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Así mesmo, comprométome a comunicarlle á Consellería de Economía, Emprego e Industria calquera nova solicitude, concesión ou cobramento que se produza con posterioridade á presente declaración e, en todo caso, antes do cobramento da axuda correspondente a esta solicitude.

4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Que o concello se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.

7. Que respecta a prohibición de subcontratación con terceiros en que recaia algunha das condicións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
